

Traballo CCBB 2ª avaliación

NARRACIÓN



Imos **comenzar a facer narracións**, para iso o primeiro que tedes que facer é pensar nos elementos que vai ter o voso relato e facer un **esquema previo** onde se recollan, seguindo o que figura a continuación.



Revisade antes as fichas que fixestes sobre esta modalidade do discurso para poder aplicar os aspectos teóricos que estudastes.

MARCO:

Cando vai suceder a historia?
Onde se vai desenvolver?

PERSONAXES:

Xa sabedes cal é o personaxe principal, pero ¿quen van ser os personaxes secundarios?

HISTORIA OU TRAMA:

Cal é o problema ao que se enfronta o protagonista?

Como vai ser a súa reacción?

Que feitos ou sucesos van ocorrer despois?

Como vai terminar a historia?

NARRADOR:

Dende que perspectiva se vai narrar a historia?

Que tipo de narrador se vai utilizar?



Para comezar a narración:

Hai distintas formas de facelo:

- Empezar polos personaxes, dicindo como son, cales son as súas características, o seu aspecto externo...
- Falando do tempo no que se desenvolve ou do lugar no que van ocorrer os feitos, ou por ambos á vez.

Para rematar a narración:

O final pode ser **real**, algo que o lector espera; **inesperado**, de modo que produza sorpresa no lector; ou **gracioso**, que busque o riso do lector.



REDACCIÓN DO RELATO:

- Deben predominar as **formas verbais en pasado**.
- Empréganse os **marcadores temporais** para ordear os acontecementos.
- A narración debe incluír **partes descritivas e dialogadas**.
- Introdúcese **diálogos en estilo directo**. Normas que debes seguir: debe quedar claro que personaxe fala en cada momento, pero non se debe abusar se está claro de quen son as palabras; o diálogo escrito debe ser espontáneo como o diálogo oral, con interrupcións, exclamacións, frases entrecortadas,...; na escritura a intervención de cada personaxe se escribe nunha liña aparte e se separa da parte narrativa por unha raia.
- **Buscade un título de non máis de 3 ou 4 palabras**, relacionado co contido do relato e que atraia a atención do lector.


O xénero do relato:

Tedes total liberdade neste aspecto; pode ser un relato realista, de aventuras, de terror, de ciencia-ficción,...

Revisión do escrito

- Revisade a ortografía: posibles faltas, uso das maiúsculas, signos de puntuación (sobre todo, comas, puntos, signos de interrogación e exclamación, uso da raia,...).
- Linguaxe: concordancia de suxeito e verbo, tempos verbais, repeticións ou redundancias que detectedes no texto,...

Traballo CCBB 2ª avaliación



Co texto que escribistes debes crear un relato multimedia utilizando como ferramenta dixital **PHOTOPEACH**.

Explicámosvos a continuación os pasos que debes seguir:

1.- Entrade na seguinte dirección: <http://photopeach.com>, clicade en *log in*.



Introdúcese o nome de usuario e o contrasinal que vos indique a profesora.

2.- Para crear a presentación: **Create new slideshow**. A continuación subiredes as imaxes que xa tedes gardadas nunha carpeta, clicando en *Upload photos*: buscade a carpeta, seleccionades todas as imaxes que queredes subir (non máis de 30), dádeslle a *Abrir* e comencen a ser cargadas—pode tardar uns minutos. Unha vez terminado, podédelas ordear como queirades ou eliminar as que non necesitedes, movéndoas á columna da dereita. Por último, pulsades en *Next* para continuar.

3.- Poñedes o título (*Slideshow title*) e elixides un son de fondo (*Background Music*) —tamén podedes subir música que teñades guardada (*Upload music*) ou de YouTube (*Search YouTube*). Para finalizar clicades en *Finish*.

4.- Xa está creado o vídeo coas imaxes, agora só falta **escribir o texto que irá en cada imaxe**. Para introducilo, cómpre editar a presentación (*Edit*) e clicar en *Edit Caption & Photos*: na parte superior aparécenvos todas as imaxes do vídeo; ides seleccionando cada unha e escribindo o texto en *Please, input text*. Cando terminedes, pulsades en *OK*. Repetiredes este paso cada vez que queirades facer un cambio.

5.- **Outras ferramentas interesantes** que aparecen ao lado do vídeo cando marcamos *Edit Caption & Photos*:

- Esquerda: *Center*: o texto aparece no centro da imaxe/*Bottom*: na parte inferior.
- Dereita: *Blank*: crea unha diapositiva negra; *Copy*: duplica a imaxe que teñamos seleccionado *Delete*: elimínala.
- Parte inferior: *Preview*: para ver como vai quedando cada diapositiva seleccionada; *Speed*: para modificar a velocidade de pase de cada diapositiva.
- Parte superior: para cambiar a orde dunha diapositiva, clicamos nela e a arrastramos ao lugar que queiramos.

Gardamos todos os cambios que fixemos, pulsando *OK*

6.- Para facer outros cambios:

- *Edit > Edit Music&title*: cambiar a música e/o título do relato.
- *Edit > Add Photo*: engadir máis fotos.
- *Edit > Delete this show*: eliminar a presentación.

7.- Para saír da conta, *Log out* na barra de ferramentas superior. Se queredes volver a entrar, repetides o paso 1 destas instrucións; unha vez dentro da conta, ides a *My Shows*: aí encontraredes a vosa presentación.

Para máis información: [Tutorial de photopeach](#)

